DT2.B2.3.2. Debuxa axonometrías de corpos ou espazos definidos polas súas vistas principais, dispoño a súa posición en función da importancia relativa das caras que se desexen amosar e/ou da conveniencia dos trazados necesarios.	-Debuxa , en perspectiva axonométrica, corpos volumétricos a partires das súas vistas diédricas, elixindo a orientación da peza en función das caras que se queren amosar.	Non é capaz de visualizar a peza nos.	Representa a man alzada a peza pero non elixe a orientación do xeito mais adecuado.	Representa a peza a man alzada correctamente tras una reflexión previa sobre as posibilidades coas que conta.	Representa a peza a man alzada correctamente, coa precisión posible , limpa e no sistema mais adecuado tras una reflexión previa sobre as posibilidades coas que conta.
DT2.B2.3.3. Determina a sección plana de corpos ou espazos tridimensionais formados por superficies poliédricas, debuxando isometrías ou perspectivas cabaleiras.	-Determina a sección plana de corpos ou espazos tridimensionais formados por superficies poliédricas, debuxando isometrías ou perspectivas cabaleiras.	Non é capaz de ver as seccións en corpos tridimensionais.	Visualiza as seccións en corpos tridimensionais e as representa intuitivamente e a man alzada co método adecuado.	Visualiza as seccións en corpos tridimensionais, as representa intuitivamente e a man alzada co método adecuado e debuxa a sección nas proxeccións diédricas.	Visualiza as seccións en corpos tridimensionais, as representa intuitivamente e a man alzada co método adecuado e debuxa a sección nas proxeccións diédricas obtendo a verdadeira magnitude se así se lle plantexa.

<p>▪ DT2.B3.1.1. Elabora e participa activamente en proxectos cooperativos de construción xeométrica, aplicando estratexias propias adecuadas á linguaxe do debuxo técnico.</p>	<p>-Elabora en grupo proxectos propostos utilizando a as normas básicas de representación do debuxo técnico (notación, normas ...)</p>	<p>Non aporta nada no traballo de grupo</p>	<p>Colabora e participa no traballo de grupo aínda que a súa non sexa unha colaboración imprescindible para sacalo adiante. o traballo chega aos obxectivos para o que foi proposto.</p>	<p>Nun proxecto conxunto participa e colabora sendo a súa participación definitiva para o traballo que chega aos obxectivos para o que foi proposto.</p>	<p>Nun proxecto conxunto participa e colabora sendo a súa participación definitiva para o traballo. O traballo, non só o traballo chega aos obxectivos para o que foi proposto, é ademais, realizado coa precisión posible , limpo e no sistema mais adecuado tras una reflexión previa sobre as posibilidades coas que conta</p>
<p>▪ DT2.B3.1.2. Identifica formas e medidas de obxectos industriais ou arquitectónicos, a partir dos planos técnicos que os definen.</p>	<p>-Utiliza as vistas diédricas correctamente deliñadas e acoutadas segundo a norma pertinente para definir un obxecto. -Utiliza os coñecementos adquiridos para visualizar a peza en perspectiva (axonométrica ou cabaleira).</p>	<p>Non realiza o trazado correctamente.</p>	<p>Realiza a perspectiva axonométrica militar ou a Cabaleira dunha peza dada a partires das súas proxeccións diédricas correctamente.</p>	<p>Realiza a perspectiva axonométrica militar ou a Cabaleira dunha peza dada a partires das súas proxeccións diédricas correctamente , visualizando a mesma con rapidez e relativa facilidade.</p>	<p>Realiza a perspectiva axonométrica militar ou a Cabaleira dunha peza dada a partires das súas proxeccións diédricas correctamente , visualizando a mesma con rapidez e facilidade o que posibilita que a presentación sexa a ideal neste tipo de trazados (respecta a diferenza de grosos, os trazados están feitos coa precisión e a limpeza necesarios).</p>
<p>▪ DT2.B3.1.3. Debuxa bosquexos a man alzada e esbozos cotados para posibilitar a comunicación técnica con outras persoas.</p>	<p>-Debuxa bosquexos a man alzada e esbozos cotados para posibilitar a comunicación técnica con outras persoas.</p>	<p>Non e capaz de visualizar as pezas a partires das vistas diédricas.</p>	<p>Visualiza a peza e é capaz de debuxala a man alzada aínda que lle custa e poden quedar partes da mesma sen completar.</p>	<p>Visualiza a peza completa e sen dificultade, realizando o debuxo da súa axonometría a man alzada e correctamente.</p>	<p>Visualiza a peza completa e sen dificultade, realizando o debuxo da súa axonometría a man alzada e correctamente e presentación é a ideal para este tipo de traballos (respecta a diferenza de grosos, os trazados están feitos coa precisión e a limpeza necesarios).</p>

		Realiza as vistas sen ter en conta a norma establecida nin no seu trazado nin na acoutación.	Realiza as vistas e a acoutación correctamente utilizando as Normas en aspectos básicos pero esquecéndooas as veces.	Realiza as vistas e a acoutación correctamente utilizando as Normas .	Realiza as vistas e a acoutación correctamente utilizando as Normas incluso á hora de a elección dunha escala normalizada e coa presentación correcta.
DT2.B3.1.2. Identifica formas e medidas de obxectos industriais ou arquitectónicos, a partir dos planos técnicos que os definen.	Utiliza os coñecementos adquiridos para visualizar a peza en perspectiva cónica central ou oblicua.	Non realiza o trazado correctamente.	Realiza a perspectiva cónica central e a oblicua dunha peza o espazo proposto, dado a partires das súas proxeccións diédricas correctamente.	Realiza a perspectiva cónica central e oblicua dunha peza ou espazo dados a partires das súas proxeccións diédricas correctamente , visualizando a mesma con rapidez e relativa facilidade.	Realiza a perspectiva cónica frontal e oblicua dunha peza ou espazo dados a partires das súas proxeccións diédricas correctamente , visualizando a mesma con rapidez e facilidade o que posibilita que a presentación sexa a ideal neste tipo de trazados (respecta a diferenza de grosos, os trazados están feitos coa precisión e a limpeza necesarios).
<ul style="list-style-type: none"> DT2.B2.1.1. Comprende os fundamentos ou principios xeométricos que condicionan o paralelismo e a perpendicularidade entre rectas e planos, utilizando o sistema diédrico ou, de ser o caso, o sistema de planos cotados como ferramenta base para resolver problemas de pertenza, posición, mínimas distancias e verdadeira magnitude. 	<p>-Representa todas as posición do punto no sistema diédrico e comprende a súa situación no espazo cando ve as proxeccións diédricas, resolvendo os exercicios propostos sobre a representación do punto en sistema diédrico.</p> <p>-Coñece e representa correctamente todas as posibles posición da recta no sistema diédrico e comprende a súa situación no espazo cando ve as proxeccións diédricas, resolvendo os exercicios propostos sobre a representación do punto en sistema diédrico.</p> <p>-Resolve os problemas de</p>	Non comprende o funcionamento do sistema nin sabe resolver exercicios propostos.	Comprende de xeito rudimentarios os aspectos básicos do sistema e resolve exercicios sinxelos.	Comprende os fundamentos do sistema e resolve exercicios propostos .	Comprende os fundamentos do sistema e resolve exercicios propostos e coa presentación adecuada.

	paralelismo, perpendicularidade e pertenzas en sistema diédrico que propón o profesor.				
<ul style="list-style-type: none"> DT2.B2.1.2. Representa figuras planas contidas en planos paralelos, perpendiculares ou oblicuos aos planos de proxección, trazando as súas proxeccións diédricas. 	-Coñece as posición do plano no sistema diédrico e representa correctamente as proxeccións de corpos planos contidos en eles.	Non comprende o funcionamento do sistema nin sabe resolver exercicios propostos.	Comprende de xeito rudimentarios os aspectos básicos do sistema e resolve exercicios sinxelos.	Comprende os fundamentos do sistema e resolve exercicios propostos .	Comprende os fundamentos do sistema e resolve exercicios propostos e coa presentación adecuada.
<ul style="list-style-type: none"> DT2.B2.2.3. Acha a intersección entre liñas rectas e corpos xeométricos coa axuda das súas proxeccións diédricas ou a súa perspectiva, indicando o trazado auxiliar utilizado para a determinación dos puntos de entrada e saída. 	-Realiza a intersección entre dous planos , entre plano e recta e entra dúas figuras planas en sistema diédrico.	Non comprende o funcionamento do sistema nin sabe resolver exercicios propostos.	Comprende de xeito rudimentarios os aspectos básicos do sistema e resolve exercicios sinxelos.	Comprende os fundamentos do sistema e resolve exercicios propostos .	Comprende os fundamentos do sistema e resolve exercicios propostos e coa presentación adecuada.
Bloque 3. Documentación gráfica de proxectos					
<ul style="list-style-type: none"> DT2.B3.2.1. Comprende as posibilidades das aplicacións informáticas relacionadas co debuxo técnico, e valora a exactitude, a rapidez e a limpeza que proporciona a súa utilización. 	Comprende as posibilidades das aplicacións informáticas relacionadas co debuxo técnico, e valora a exactitude, a rapidez e a limpeza que proporciona a súa utilización.	Non valora a utilidade das aplicacións informáticas.	Valora a súa utilidade.	Valora a utilidade exactitude e limpeza que proporciona o seu uso.	Valora a utilidade exactitude e limpeza que proporciona o seu uso.
<ul style="list-style-type: none"> DT2.B3.2.2. Representa obxectos industriais ou arquitectónicos coa axuda de programas de debuxo vectorial 2D, creando entidades, importando bloques de bibliotecas, editando obxectos e dispoñendo a información relacionada en capas diferenciadas pola súa utilidade. 	Representa obxectos industriais ou arquitectónicos coa axuda de programas de debuxo vectorial 2D, creando entidades, importando bloques de	Non manexa os recursos informáticos como para utilizalos correctamente no seu traballo persoal.	Manexa os recursos informáticos utilizándoos correctamente no seu traballo persoal.	Manexa os recursos informáticos utilizándoos correctamente no seu traballo persoal aproveitando as súas posibilidades .	Manexa os recursos informáticos utilizándoos correctamente no seu traballo persoal aproveitando as súas posibilidades e facendo que o traballo mellore notablemente aproveitando as posibilidades do programa.

	<p>bibliotecas, editando obxectos e dispendo a información relacionada en capas diferenciadas pola súa utilidade.</p>				
<p>▪ DT2.B3.2.3. Representa obxectos industriais ou arquitectónicos utilizando programas de creación de modelos en 3D, inserindo sólidos elementais, manipulándoos ata obter a forma buscada, importando modelos ou obxectos de galerías ou bibliotecas, incorporando texturas, seleccionando o encadramento, a iluminación e o punto de vista adecuado ao propósito buscado.</p>	<p>Representa obxectos industriais ou arquitectónicos utilizando programas de creación de modelos en 3D, inserindo sólidos elementais, manipulándoos ata obter a forma buscada, importando modelos ou obxectos de galerías ou bibliotecas, incorporando texturas, seleccionando o encadramento, a iluminación e o punto de vista adecuado ao propósito buscado.</p>	<p>Non manexa os recursos informáticos como para utilizalos correctamente no seu traballo persoal.</p>	<p>Manexa os recursos informáticos utilizándoos correctamente no seu traballo persoal.</p>	<p>Manexa os recursos informáticos utilizándoos correctamente no seu traballo persoal aproveitando as súas posibilidades .</p>	<p>Manexa os recursos informáticos utilizándoos correctamente no seu traballo persoal aproveitando as súas posibilidades e facendo que o traballo mellore notablemente aproveitando as posibilidades do programa.</p>
<p>▪ DT2.B3.2.4. Presenta os traballos de debuxo técnico utilizando recursos gráficos e informáticos, de xeito que estes sexan claros e limpos, e que respondan ao obxectivo para os que se realizaron.</p>	<p>Presenta os traballos de debuxo técnico utilizando recursos gráficos e informáticos, de xeito que estes sexan claros e limpos, e que respondan ao obxectivo para os que se realizaron.</p>	<p>A presentación do traballo é moi deficiente.(independentemente do medio gráfico que utilice para facelo)</p>	<p>A presentación do traballo e correcta.</p>	<p>A presentación do traballo e boa (o alumno utiliza indistintamente medios gráficos tradicionais e informáticos).</p>	<p>A presentación do traballo e impecable (o alumno utiliza indistintamente medios gráficos tradicionais e informáticos).</p>

PESO DOS ESTÁNDARES NA CUALIFICACIÓN OBTIDA

AV.	ESTÁNDARES					ponderación
1ª	DT2.B1.1.1. Identifica a estrutura xeométrica de obxectos industriais ou arquitectónicos a partir da análise de plantas, alzados, perspectivas ou fotografías, sinalando os seus elementos básicos e determinando as principais relacións de proporcionalidade.	DT2.B1.3.3. Deseña a partir dun bosquexo previo ou reproduce á escala conveniente figuras planas complexas, e indica graficamente a construción auxiliar utilizada.	DT2.B1.3.1. Comprende as características das transformacións homolóxicas, identifica os seus invariantes xeométricos e describe as súas aplicacións.	DT2.B1.1.4. Selecciona estratexias para a resolución de problemas xeométricos complexos, analizando as posibles solucións e transformándoos por analogía noutros problemas máis sinxelos.	DT2.B1.3.2. Aplica a homoloxía e a afinidade á resolución de problemas xeométricos e á representación de formas planas.	50%
	DT2.B1.2.3. Traza curvas cónicas logo de determinar os elementos que as definen, tales como eixes, focos, directrices, tanxentes ou asíntotas, resolvendo o seu trazado por puntos ou por homoloxía respecto á circunferencia.	DT2.B1.1.5. Resolve problemas de tanxencias aplicando as propiedades dos eixes e centros radicais, e indicando graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos	DT2.B1.1.2. Determina lugares xeométricos de aplicación ao debuxo aplicando os conceptos de potencia ou inversión.	DT2.B1.1.3. Transforma por inversión figuras planas compostas por puntos, rectas e circunferencias describindo as súas posibles aplicacións á resolución de problemas xeométricos.	DT2.B.1.2.1. Comprende a orixe das curvas cónicas e as relacións métricas entre elementos, describe as súas propiedades e identifica as súas aplicacións. DT2.B1.2.2. Resolve problemas de pertenza, intersección e tanxencias entre liñas rectas e curvas cónicas, aplicando as súas propiedades, e xustifica o procedemento utilizado.	50%
2ª	DT2.B2.1.1. Comprende os fundamentos ou principios xeométricos que condicionan o paralelismo e a perpendicularidade entre rectas e planos, utilizando o sistema diédrico ou, de ser o caso, o sistema de planos cotados como ferramenta base para resolver problemas de pertenza, posición, mínimas distancias e verdadeira magnitude.	DT2.B2.1.2. Representa figuras planas contidas en planos paralelos, perpendiculares ou oblicuos aos planos de proxección, trazando as súas proxeccións diédricas.	DT2.B2.1.3. Determina a verdadeira magnitude de segmentos, ángulos e figuras planas utilizando xiros, abatements ou cambios de plano en sistema diédrico e, de ser o caso, no sistema de planos cotados.	DT2.B2.2.3. Acha a intersección entre liñas rectas e corpos xeométricos coa axuda das súas proxeccións diédricas ou a súa perspectiva, indicando o trazado auxiliar utilizado para a determinación dos puntos de entrada e saída.	DT2.B2.2.1. Representa cilindros e conos de revolución aplicando xiros ou cambios de plano para dispor as súas proxeccións diédricas en posición favorable para resolver problemas de medida.	50%
	DT2.B2.3.1. Comprende os fundamentos da axonometría ortogonal, clasificando a súa tipoloxía en función da orientación do triedro fundamental, determinando o triángulo de trazas e calculando os coeficientes de redución.	DT2.B2.3.2. Debuxa axonometrías de corpos ou espazos definidos polas súas vistas principais, dispoñendo a súa posición en función da importancia relativa das caras que se desexen amosar e/ou da conveniencia dos trazados necesarios	DT2.B2.3.3. Determina a sección plana de corpos ou espazos tridimensionais formados por superficies poliédricas, debuxando isometrías ou perspectivas cabaleiras.	DT2.B3.1.3. Debuxa bosquexos a man alzada e esbozos cotados para posibilitar a comunicación técnica con outras persoas.		50%
	DT2.B2.2.2. Determina a sección plana de corpos ou espazos tridimensionais formados por superficies poliédricas, cilíndricas, cónicas e/ou esféricas, debuxando as súas proxeccións	DT2.B2.2.4. Desenvolve superficies poliédricas, cilíndricas e cónicas, coa axuda das súas proxeccións diédricas, utilizando xiros, abatements ou cambios de plano	DT2.B2.1.4. Representa o hexaedro ou cubo en calquera posición respecto aos planos coordenados, o resto dos poliedros regulares, prismas e			60%

3ª	diédricas e obtendo a súa verdadeira magnitude.	para obter a verdadeira magnitude das arestas e caras que as conforman.	pirámides en posicións favorables, coa axuda das súas proxeccións diédricas, determinando partes vistas e ocultas.			
	DT2.B3.1.1. Elabora e participa activamente en proxectos cooperativos de construción xeométrica, aplicando estratexias propias adecuadas á linguaxe do debuxo técnico.	DT2.B3.1.2. Identifica formas e medidas de obxectos industriais ou arquitectónicos, a partir dos planos técnicos que os definen.	DT2.B3.1.4. Elabora esbozos de conxuntos e/ou pezas industriais ou obxectos arquitectónicos, dispoño as vistas, os cortes e/ou as seccións necesarias, tomando medidas directamente da realidade ou de perspectivas a escala, elaborando bosqueños a man alzada para a elaboración de debuxos cotados e planos de montaxe, instalación, detalle ou fabricación, de acordo coa normativa de aplicación.			30%
	DT2.B3.2.1. Comprende as posibilidades das aplicacións informáticas relacionadas co debuxo técnico, e valora a exactitude, a rapidez e a limpeza que proporciona a súa utilización.	DT2.B3.2.2. Representa obxectos industriais ou arquitectónicos coa axuda de programas de debuxo vectorial 2D, creando entidades, importando bloques de bibliotecas, editando obxectos e dispoño a información relacionada en capas diferenciadas pola súa utilidade.	DT2.B3.2.3. Representa obxectos industriais ou arquitectónicos utilizando programas de creación de modelos en 3D, inserindo sólidos elementais, manipulándoos ata obter a forma buscada, importando modelos ou obxectos de galerías ou bibliotecas, incorporando texturas, seleccionando o encadramento, a iluminación e o punto de vista adecuado ao propósito buscado	DT2.B3.2.4. Presenta os traballos de debuxo técnico utilizando recursos gráficos e informáticos, de xeito que estes sexan claros e limpos, e que respondan ao obxectivo para os que se realizaron.		

5. Concrecións metodolóxicas

Concrecións metodolóxicas

Principios metodolóxicos xerais.

As liñas metodolóxicas xerais a seguir no bacharelato irán encamiñadas a desenrolar o gusto polo traballo ben feito, o esforzo, a autonomía persoal, o traballo cooperativo e a que o alumno aplique métodos de investigación apropiados para súa idade.

Os principios metodolóxicos a seguir serán os seguintes:

- O profesor haberá de ter sempre presente o principio de individualidade do ensino. Nunca ha de esquecerse deste aspecto que no ensino resulta fundamental e haberá de lembrar que se educa a persoas concretas, en circunstancias concretas e nun determinado contexto, de modo que, as propostas e o traballo haberá de adaptarse, no posible, ás características dos alumnos e do entorno no que se traballe.

- Na aula haberá de crearse un ambiente aberto que parta do principio de flexibilidade.

A postura do profesor haberá de ser flexible e así mesmo, a relación do alumno cos seus compañeiros nun clima de respecto mutuo que se fomentará coa colaboración entre alumnos e có traballo en grupo nalgunha das propostas. Esta flexibilidade farase extensible á elección de tratamentos ou recursos gráficos na resolución de proxectos

- Procurarase que o alumno coñeza a dimensión práctica dos coñecementos adquiridos. Que sexa capaz de relacionar a teoría coa práctica, buscando a aplicación do aprendido. Isto lograrase traballando con casos prácticos encamiñados á resolución de problemas reais, presentes na vida cotiá

- As actividades estarán deseñadas de maneira que o alumno vincule os coñecementos adquiridos ó medio e comprenda a utilidade dos mesmos.

- Tentarase facer o posible cara a propiciar o traballo en grupo, respectando a creatividade e a iniciativa de cada unha das persoas que o compoñen.

- O profesor incidirá na necesidade do esforzo e a tenacidade para o logro das destrezas e precisión nos obxectivos previstos.

Na materia que nos ocupa é moi importante a parte procedimental, e é necesario que os alumnos así o entendan. O profesor fará que os alumnos tomen conciencia disto e explicarlles que unha parte importante da cualificación que obteñan reflectirá se conseguen acadar as destrezas necesarias.

Estes principios metodolóxicos levaranse a cabo a través das seguintes estratexias:

- Estratexias expositivas: Realizarase unha exposición dos conceptos que irá acompañada en todo momento de exemplos gráficos visualizados polo alumno a través de medios proporcionados polo profesor ou buscados e recompilados polos propios alumnos. Se partirá dos coñecementos previos do alumno para o deseño de cada unidade.

- Estratexias de indagación: Cada unidade irá acompañada da proposta de traballos, de extensión variable segundo a capacidade do alumno para o que existirán actividades de desenrolo e ampliación. Unha gran parte das actividades prácticas propostas realizaranse na aula co fin de que o alumno poda contar coa axuda do profesor cando o requira e para facilitar o seguimento do alumno pola parte do profesor e valorar así o seu esforzo e o nivel de adquisición das destrezas anteriormente citadas e tan importantes tendo en conta a natureza da materia. Ó remate dos temas os alumnos realizarán as láminas e exercicios propostos co fin de adquirir as destrezas que se perseguen coma obxectivos do presente curso. Na presentación das láminas valorarase a precisión, limpeza e tempo de entrega, e todo isto contará cara a elaboración da nota. Ó final do curso o alumno deberá entregar os apuntes e as láminas coma traballo final debidamente ordenado e encadernado e a nota obtida neste traballo formará parte da nota final obtida polo alumno nesta materia. O "libro de apuntes" realizado polo alumno en 1º de Bacharelato será o material curricular de referencia utilizado no primeiro trimestre do segundo curso (se o alumno cursa a materia de Debuxo Técnico II).

6. Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar

Materiais e recursos didácticos

Gran parte dos exercicios propostos faranse nas fotocopias entregadas polo profesor da materia. Ditas fotocopias serviran tanto para resolver as cuestións propostas como para apuntes dos alumno Xa que, como viuse en apartados anteriores da programación, coas fotocopias entregadas polo profesor os alumnos deben facer un libro de consulta que fará as veces de "libro de texto" empregado para impartir o repaso da primeira avaliación.

Os materiais polo tanto serán: As fotocopias proporcionadas polo profesor, pezas para a realización das vistas diédricas, libros de texto para consulta dispoñibles no departamento e os materiais necesarios para que os alumnos elaboren as láminas propostas. A Aula está, lógicamente, dotada de encerado, plantillas básicas a escala e compás (fundamentais para impartir unha clase de debuxo técnico).

O departamento conta, na aula na que se imparte a materia, cun canón dixital e acceso a Internet de xeito que se o profesor así o desexa pode proxectar imaxes ilustrativas durante a exposición de contidos ou utilizar páxinas webs nas que se tratan partes do contido da materia, o que resulta extremadamente útil.

Á disposición do departamento están tamén a aula de informática e a pizarra dixital para o uso de material curricular de soporte informático.

No presente curso existe unha normativa sobre o uso de espazos específicos sobre o uso das aulas materia dentro do protocolo Covid 19.

7. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción

7.1 Criterios de avaliación

Avaliacións parciais

Os criterios utilizados para avaliar aos alumnos nesta materia son os seguintes:

Bloque 1. Xeometría e debuxo técnico

- B1.1. Resolver problemas de tanxencias mediante a aplicación das propiedades do arco capaz, dos eixes e centros radicais e/ou da transformación de circunferencias e rectas por inversión, indicando graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos.
- . Seleccionar estratexias para a resolución de problemas xeométricos complexos, analizando as posibles solucións e transformándoos por analogía noutros problemas máis sinxelos.
- B1.2. Debuxar curvas cíclicas e cónicas e identificar os seus principais elementos, utilizando as súas propiedades fundamentais para resolver problemas de pertenza, tanxencia ou incidencia.
- B1.3. Relacionar as transformacións homolóxicas coas súas aplicacións á xeometría plana e aos sistemas de representación, valorando a rapidez e a exactitude nos trazados que proporciona a súa utilización.

Bloque 2. Sistemas de representación

- B2.1. Valorar a importancia da elaboración de debuxos a man alzada para desenvolver a visión espacial, analizando a posición relativa entre rectas, planos e superficies, identificando as súas relacións métricas para determinar o sistema de representación axeitado e a estratexia idónea que solucione os problemas de representación de corpos ou espazos tridimensionais.

- B2.2. Representar poliedros regulares, pirámides, prismas, cilindros e conos mediante as súas proxeccións ortográficas, analizando as posicións singulares respecto aos planos de proxección, determinando as relacións métricas entre os seus elementos, as seccións planas principais e a verdadeira magnitude ou desenvolvemento das superficies que os conforman.

- B2.3. Debuxar axonometrías de poliedros regulares, pirámides, prismas, cilindros e conos, dispoñendo a súa posición en función da importancia relativa das caras que se desexen amosar e/ou da conveniencia dos trazados necesarios, utilizando a axuda do abatemento de figuras planas situadas nos planos coordenados, calculando os coeficientes de redución e determinando as seccións planas principais.

Bloque 3. Documentación gráfica de proxectos

- B3.1. Elaborar bosquexos, esbozos e planos necesarios para a definición dun proxecto sinxelo relacionado co deseño industrial ou arquitectónico, valorar a exactitude, a rapidez e a limpeza que proporciona a utilización de aplicacións informáticas, planificar de maneira conxunta o seu desenvolvemento, revisar o avance dos traballos e asumir as tarefas encomendadas con responsabilidade.

- B3.2. Presentar de xeito individual e colectivo os bosquexos, os esbozos e os planos necesarios para a definición dun proxecto sinxelo relacionado co deseño industrial ou arquitectónico, valorar a exactitude, a rapidez e a limpeza que proporciona a utilización de aplicacións informáticas, planificar de maneira conxunta o seu desenvolvemento, revisar o avance dos traballos e asumir as tarefas encomendadas con responsabilidade.

A avaliación é unha parte do proceso de ensino e aprendizaxe que se desenrola durante o mesmo de forma continua e diferenciada para cada un dos alumnos; é tamén un instrumento de realimentación do mentado proceso. O seguimento que se faga a través de dito proceso traducirase, ademais, en orientación apoio e estímulo para os alumnos.

Faranse durante o curso:

Avaliación inicial: Proporciona datos do punto de partida de cada un dos alumnos, sendo unha primeira fonte de información sobre os coñecementos previos e características persoais, que permiten unha atención ás diferenzas e unha metodoloxía axeitada.

Avaliación Formativa: Confirne unha visión das dificultades e progresos de cada caso ó longo da evolución do proceso de aprendizaxe. A avaliación formativa é sumamente importante porque é a través da que conseguiremos detectar se o alumno non progresa adecuadamente. A avaliación formativa permitiranos detectar fallos e dificultades e definir as medidas de reforzo necesarias para cada alumno.

Avaliación Sumativa: Establece os resultados ó termo do proceso total de aprendizaxe en cada período formativo e a consecución dos obxectivos.

Como instrumentos de avaliación teranse en conta os seguintes:

- **A observación sistemática:**

O proceso de realización de láminas e exercicios, as actitudes na interrelación cos outros, a adquisición de hábitos na realización dos traballos, son as situacións propicias para que a observación resulte máis indicada.

A recollida de información farase coas fichas de seguimento que están debidamente deseñadas cara a recoller o máximo de información do alumno en cada unha das sesións correspondentes á materia.

As fichas do alumno deberán recoller todo tipo de información para definir a nota con exactitude: se o alumno trae ou non o material, se houbo incidencias de comportamento na aula, o grado de implicación do alumno nas propostas, faltas de asistencia, expulsións ou faltas de orde, entrega de láminas, traballos e apuntamentos a tempo... Todo esta información será utilizada co fin de determinar o grado de adquisición dos estándares correspondentes.

- **Seguimento dos traballos individuais realizados polo alumno.**

Con este procedemento se apreciará o progreso na adquisición e consolidación dos contidos tratados en cada tema.

Na materia que nos ocupa os procedementos constitúen unha parte moi importante xa que, tralo proceso de información e conceptualización, a interpretación gráfica e o análise de procedementos e solución de problemas é o único instrumento que nos permite medir o grado de comprensión do alumno.

Para facilitar a valoración da parte procedimental da materia, tanto en primeiro como en segundo de bacharelato será de obrigado cumprimento para ser avaliado a presentación dos exercicios propostos polo profesor en cada trimestre. A nota obtida en ditos exercicios formará parte da cualificación final do alumno, os exercicios propostos terán que ser presentados obrigatoriamente para ser avaliado positivamente.

Co fin de que a cualificación global do alumno conteña tódolos ámbitos das competencias adquiridas, algunhas das láminas ou exercicios propostos realízanse na aula e na cualificación obtida nas mesmas valorarase no soamente o resultado final (limpeza, precisión e tempo de entrega) sino o nivel de implicación do alumno en canto á materia, a súa capacidade de traballo, a súa actitude na aula etc... desta forma preténdese que as actitudes adquiridas polo mesmo se reflectan na nota final.

- **Deseño de probas específicas**

Preténdese que axuden a valorar a adquisición das competencias determinadas. Estas probas realízanse a partir dunha serie de contidos que se consideran necesarios para que os alumnos podan interpretar a nova información.

O profesor terá sempre como referente a programación á hora do deseño das probas, procurarase que o dominio dos contidos mínimos amosado polo alumno axude a este a chegar ó aprobado e que o dominio do resto de contidos recollidos na programación sumen o resto da nota ata chegar á máxima cualificación (sobresaliente).

Tanto en primeiro como en segundo de bacharelato realízanse as probas necesarias, que serán un mínimo de dúas por trimestre, podendo aumentar a súa cantidade en función da complexidade dos contidos impartidos ou a dificultade que presente o grupo en canto á comprensión dos mesmos. A nota obtida será a media aritmética das cualificacións obtidas nas probas realizadas e suporá un 100% da nota final.

En principio, cada una das dúas probas realizadas por avaliación suporán o 50% da porcentaxe destinada a contidos (100%). No caso de que a porcentaxe da nota fose outra por non dar terminado de impartir os contidos programados ou por outra razón, o profesor informará aos alumnos nos cambios de ditas porcentaxes (o valor que cada unha das probas terá).

No caso de que o alumno suspenda algunha das probas ten a posibilidade de ir recuperando a materia que vai quedando pendente o longo do curso.

Avaliación final

No mes de Xuño realízase unha proba final deseñada de acordo ós obxectivos e contidos mínimos referidos nesta programación e o traballo do alumno será corrixido de acordo aos criterios de avaliación e dos estándares correspondentes e obterá coma cualificación a nota numérica obtida en dita proba. A proba será deseñada por avaliacións.

Existe a posibilidade de que o alumno poida examinarse só da avaliación ou avaliacións que ten pendentes.

Avaliación extraordinaria

No caso de que a cualificación obtida polo alumno en xuño sexa de suspenso existe a posibilidade de recuperar a materia na convocatoria extraordinaria de xuño.

Na convocatoria extraordinaria realizarase unha proba deseñada de acordo ós obxectivos e contidos mínimos referidos nesta programación e será corrixido da cordo ós criterios de avaliación e dos estándares correspondentes e obterá coma cualificación a nota numérica obtida en dita proba.

7.2 Criterios de cualificación

Criterios de cualificación

As porcentaxes asociadas a cada ámbito da materia que nos ocupa son as seguintes:

Probas escritas: A nota obtida será a media aritmética das probas realizadas durante a avaliación. ós contidos conceptuais corresponderalles un 80% da nota total.

Traballo individual (láminas) : corresponderalles un 20% da nota obtida. O 20% será para os exercicios e láminas realizadas polo alumnado tanto na aula como na casa.

A nota obtida en cada apartado será a media aritmética:

No caso das **probas escritas**, a media aritmética das probas realizadas. En principio , cada una das dúas probas realizadas por avaliación suporán o 80% da porcentaxe destinada a contidos . No caso de que a porcentaxe da nota fose outra por non dar terminado de impartir os contidos programados ou por outra razón, o profesor informará aos alumnos nos cambios de ditas porcentaxes (o valor que cada unha das probas terá no total da nota obtida). Para a corrección de ditas probas, o profesor utilizará os estándares correspondentes, recollidos no punto catro da presente programación. **No caso de que non se exixa a entrega de exercicios prácticos ao longo da avaliación o porcentaxe das probas escritas pasara a ser do 100% sendo a nota final de avaliación a media aritmética entre as dúas probas.**

No caso **do traballo individual** do alumno (o 20%) a nota obtida será tamén a media aritmética dos traballos e láminas entregadas polo alumno. Os traballos que o profesor pide ó alumno poden ser de moi diferente envergadura e dificultade, para que a media aritmética sexa xusta o profesor indicará o que dito traballo conta para a media , de este xeito, un traballo de moita dificultade pode contar como dous (e ata tres) traballos dos habituais e como medio se a súa simplicidade así o precisa. O profesor debe indicalo valor do traballo no momento de encargalo ó alumno.

NOTA: No caso de que o profesor así o decida, poderá avaliar ao alumnado tendo en conta unicamente as probas escritas. Neste caso a nota será a media aritmética obtida.

7.3 Criterios de promoción

Criterios de promoción

8. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

Indicadores de logro do proceso de ensino e da práctica docente		
ASPECTO QUE SE AVALÍA: PLANIFICACIÓN		
Indicadores	Valoración	Propostas de mellora
1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.		
2. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu		

desenvolvemento.		
3. Selecciona e secuencia de xeito progresivo os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos.		
4. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.		
5. Planifica as clases de xeito flexible, preparando actividades e recursos axeitados á programación de aula e ás necesidades e os intereses do alumnado.		
6. Establece os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos.		
7. Coordínase co profesorado doutros departamentos que podan ter contidos afíns á súa disciplina.		
ASPECTO QUE SE AVALÍA: MOTIVACIÓN DO ALUMNADO		
Indicadores	Valoración	Propostas de mellora
1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.		
2. Plantexa situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).		
3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais eou coa súa funcionalidade.		
4. Informa sobre os progresos acadados e as dificultades atopadas.		
5. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.		
6. Estimula a participación activa dos estudantes en clase.		
7. Promove a reflexión dos temas tratados.		
ASPECTO QUE SE AVALÍA: DESENVOLVEMENTO DO ENSINO		
Indicadores	Valoración	Propostas de mellora
1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas...		
2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...		
3. Ten predisposición para resolver dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.		
4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.		
5. Utiliza axuda audiovisual ou de outro tipo para apoiar os contidos na aula.		
6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.		
7. Desenvolve os contidos dun xeito ordenado e comprensible para os alumnos.		
8. Plantexa actividades que permitan acadar os estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.		
9. Plantexa actividades grupais e individuais.		
ASPECTO QUE SE AVALÍA: SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE		
Indicadores	Valoración	Propostas de mellora
1. Realiza a avaliación inicial a principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.		
2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.		
3. Revisa, a cotío, os traballos propostos na		

aula e fóra dela.		
4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e o xeito de melloralas.		
5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e actividades dos alumnos e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.		
6. Utiliza criterios de avaliación abondo, que atenda de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos.		
7. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.		
8. Propón novas actividades que facilite a adquisición de obxectivos cando estes non teñan sido acadados suficientemente.		
9. Propón novas actividades de máis nivel cando os obxectivos teñan sido acadados con suficiencia.		
10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes, etc.		
11. Emplea diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e ás familias.		

9. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

10. Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato

Procedementos para acreditar os coñecementos necesarios

11. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados

Deseño da avaliación inicial

Os alumnos, tal e como quedou recollido no apartado 7 da presente programación didáctica, realizarán una proba inicial que proporcionará os datos que definirán o punto de partida de cada un dos alumnos, sendo unha primeira fonte de información sobre os coñecementos previos e características persoais, que permiten unha atención ás diferenzas e unha metodoloxía axeitada.

Medidas individuais e colectivas

Recollidas no seguinte apartado da programación didáctica.

12. Medidas de atención á diversidade

Medidas de atención á diversidade

En colaboración co departamento de orientación se procurará detectar os casos dos alumnos que precisen medidas de atención especiais e elaboraranse actividades ó seu nivel para conseguir que poidan avanzar na súa aprendizaxe, manteñan a motivación e reforcen a súa autoestima.

Para atender á diversidade na aula o profesor haberá de ter en conta os seguintes aspectos:

Características dos alumnos no referente a :

- Ideas previas dos alumnos
- Potencial do alumno ante o aprendizaxe

Contexto psicocultural

Contexto físicoambiental

Estímulos e motivacións específicas

No desenrolo da práctica docente haberán de terse sempre presentes os principios básicos que conflúen na idea nuclear de que a educación é un proceso de construción no que, tanto o profesor como o alumno deben lograr a adquisición, pola parte do alumno, de aprendizaxes significativos.

Neste proceso ten moita importancia a aplicación correcta dos procedementos de avaliación que permitirá determinar tanto o grao de progreso acadado polo alumno como as dificultades que podan plantexarse e, desta forma, poderase axustar-la intervención pedagóxica ás necesidades dos alumnos.

Mediante a avaliación inicial e observando sistematicamente o traballo do alumno (tal e como foi explicado en apartados anteriores) imos coñecendo factores coma as diferenzas sociais, culturais, personalidade do alumno, deficiencias particulares, etc. Poderemos polo tanto ir axustando o proceso as diferenzas individuais tendo en conta que o fin último é levar ó máximo número de alumnos a un mesmo obxectivo.

A natureza procedimental da materia que nos ocupa obriga a un seguimento continuo do traballo individual do alumno e permite detectar con mais facilidade tanto as deficiencias coma as características individuais e contemplala diversidade dentro da aula .

Unha vez detectada a deficiencia ou o erro pode reconducirse a acción educativa en aqueles aspectos que non incumban aos básicos do currículo: Utilizando un tipo ou outro de actividades na proposta didáctica (actividades de desenrolo, de ampliación ou reforzo) , adaptando a temporalización ou a distribución de contidos proposta , flexibilizando agrupamentos de acción específica etc...No caso de que o profesor durante a avaliación formativa ou durante a fase de rexistro (na que revisa tanto os apuntamentos do alumno como os exercicios e as láminas propostas) detectase unha dificultade aplicaráselle o alumno medidas de reforzo específicas. Ditas medidas de reforzo poden ser dende novas propostas de exercicios, cambios na metodoloxía ou explicacións mais específicas (tanto durante o horario da materia como en horario non correspondente á materia, sempre que isto sexa posible). No caso de que , aínda con medidas de reforzo, o alumno acade unha cualificación de non apto no exame de avaliación, existe a posibilidade de ir recuperando materia pendente ó longo do curso como xa se explicou no apartado anterior.

13. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda

Elementos transversais que se traballarán**Comprensión lectora e expresión oral:**

como xa vimos en outros apartados da programación, a materia enriquece a capacidade comunicativa, dado que, como toda forma de comunicación, posúe uns procedementos comúns que permiten facer uso duns recursos específicos para crear mensaxes e interpretalas.

Desde a materia de debuxo tratarase (dentro do posible) a competencia en comunicación plantexando problemas que teñan varias formas distintas para chegar a unha mesma solución e propostas creativas. de tal xeito que o alumno deba defender as súas propostas coherentemente diante dos seus compañeiros argumentando cada paso para chegar a súa solución (no caso dos problemas) e os pasos e decisións tomadas no seu proxectos (no caso de propostas creativas).

Ó ser una materia técnica fase complexo fomentar a comprensión lectora dende ela . O profesor, de tódolos xeitos, tratará de despertar a curiosidade e o interese de o alumno polo mundo da arquitectura, da enxeñería e do resto das artes e lle proporcionará bibliografía sobre ditos temas xunto á bibliografía específica para ampliar os coñecementos técnicos impartidos na aula.

Forman parte de dita bibliografía, por unha banda, libros de consulta e ampliación sobre os coñecementos impartidos na materia e por outro lado, libros que o departamento considere oportunos e interesantes e cuxa finalidade sexa despertar a curiosidade do alumno a través do coñecemento. Xa sexa a través de tratados específicos ou incluso lecturas entretidas que tratan temas da materia de xeito tanxencial .

Comunicación audiovisual e TIC:

Para o departamento de debuxo quizais o mais importante para o fomento das TIC dende as nosas materias é que os alumnos coñezan os programas de debuxo mais importantes (Autocad, Cabri Geométré, Cabri 3D, Geogebra , Sketchup ..) que poden resultarlles útiles nun futuro, e que visiten páxinas web dedicadas ó debuxo técnico e que poden resultarlles moi

interesantes e moi útiles.

Interesaríanos tamén, que soubesen da existencia de programas de tratamento da imaxe que poden tamén resultarlles útiles cara a futuras creacións (Adobe photoshop, Corel Draw, Gimp, Draw...)

O departamento de debuxo está facilitará aos alumnos o coñecemento dalgúns dos programas citados anteriormente e das webs mais interesantes. Utilizaremos a aula de informática para facer algún traballo en soporte dixital para que os alumnos poidan irse familiarizando con algún dos programas mais útiles e traballar así os procedementos e contidos da unidade didáctica quince da presente programación.

O traballo na aula de informática é sobre todo importante para que os alumnos se familiaricen co uso de algúns programas pero, tanto o seu coñecemento como a visita as webs mais interesantes farémolas a través do canón da aula ou, se o visionado ou a interactividade da algunha de elas así lo precisase, da pizarra dixital.

Ao igual que ocorre coa bibliografía, o departamento de debuxo ofrece aos alumnos unha recompilación das webs mais interesantes de debuxo técnico para poñelas a disposición do alumnado. E ao igual que ocorre coa bibliografía, dita recompilación ten dous apartados:

- Por un lado, webs que tratan directamente os contidos impartidos na aula. Dentro de ditas webs se indican aquelas que o profesor utiliza á hora de impartir os coñecementos como material de apoio durante as explicacións.

- Por outro lado, webs interesantes que ao igual que os libros, poden despertar curiosidade e interese nos alumnos a través do entretemento.

Ao igual que ocorre coa bibliografía o compendio de páxinas web interesantes cambia de forma constante xa que o material web cambia cada día e aparecen novas páxinas moi interesantes para os alumnos. O departamento tratará de localizalas e poñelas a disposición do alumno e fará constar, tanto nalgunha das actas de departamento do presente curso, como na memoria final da materia os cambios feitos na recompilación da páxinas recomendadas polo departamento.

Educación cívica é prevención da violencia.

Neste apartado é moi importante que, a través da materia, atopemos a forma de proporcionar aos alumnos os valores que sustentan a vida en común e a cohesión social; Tamén aqueles valores que favorecen: A liberdade persoal, a responsabilidade, a solidariedade, igualdade, respecto...en definitiva, todos aqueles aspectos que constitúen a base dunha vida en sociedade.

			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB4.2.1. Ve películas cinematográficas nas que identifica e analiza os planos, as angulacións e os movementos de cámara. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Recoñece os xéneros cinematográficos e algún exemplo de cine de autor. ▪ Analiza unha escena determinando: Xénero ao que pertence, planos utilizados, encadres, movementos de cámara e posibles finalidades e intención expresiva que explicarían a elección de eles. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TP ▪ PE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB4.1.2. Realiza un storyboard a modo de guión para a secuencia dunha película. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Realiza o storyboard dunha escena. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TP
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ l ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ A fotografía: ▪ Breve historia da fotografía ▪ B4.4. Criterios estéticos na elaboración de fotografías. ▪ Elección de : luz, cor, plano, profundidade de campo, encadre, tratamento dixital da imaxe...segundo a finalidade da imaxe. ▪ B4.5. Finalidade expresiva 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Recoñecer os elementos que integran as linguaxes audiovisuais e as súas finalidades 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB.4.2.2. Analiza e realiza fotografías, tendo en conta criterios estéticos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Analiza nunha imaxe proposta o uso e a intencionalidade do autor ao elixir o tipo de : luz, cor, plano, profundidade de campo e encadre. ▪ Capta imaxes fotográficas nas que decide o uso de: luz, cor, plano, profundidade de campo e encadre con intencionalidade expresiva explicando dita intención. ▪ Detecta alteracións dixitais en imaxes propostas e lanza hipótese sobre a intencionalidade do autor á hora de 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TP ▪ PE

	das imaxes fotoxornalísticas.			realizalas.	
			<ul style="list-style-type: none"> EPVAB4.2.3. Compila imaxes de prensa e analiza as súas finalidades. 	<ul style="list-style-type: none"> Analiza nunha imaxefotoxornalística proposta e razoa con argumentos lóxicos baseados en coñecementos adquiridos no tema sobre a finalidade expresiva e a intencionalidade comunicativa da mesma. 	<ul style="list-style-type: none"> TP PE
<ul style="list-style-type: none"> a e f 	<ul style="list-style-type: none"> B4.6. Creación dixital de imaxes. B4.8. Desenvolvemento dun proxecto persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.3. Realizar composicións creativas a partir de códigos utilizados en cada linguaxe audiovisual, amosando interese polos avances tecnolóxicos vinculados a estas linguaxes. 	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB4.3.1. Elabora imaxes dixitais utilizando programas de debuxo por computador. 	<ul style="list-style-type: none"> Realiza alteracións dixitais en imaxes propostas e razoa sobre a súas intencións comunicativas á hora de realizalas. 	<ul style="list-style-type: none"> TP
			<ul style="list-style-type: none"> EPVAB4.3.3. Realiza un proxecto persoal seguindo o esquema do proceso de creación. 	<ul style="list-style-type: none"> Nos traballos e proxectos persoais do campo da imaxe tecnolóxica realizados o alumno (pertencentes ao campo da fotografía ou do cine segundo a proposición do profesor) O alumno respecta o esquema do proceso de creación. Nos traballos en grupo o alumno segue o proceso e respecta o traballos dos compañeiros. 	<ul style="list-style-type: none"> TP

Tema 8. Xeometría descriptiva II. (Unidade didáctica 4)

Ob xec	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	Instr.e proce. de Avaliación
-----------	----------	--------------------------------------	---------------------------	----------------------	---------------------------------

<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f ▪ g ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.9. Perspectiva cónica central. ▪ B2.10. Perspectiva cónica oblicua. B2.11. Análise das posibilidades da posición do punto de vista. <ul style="list-style-type: none"> - Métodos de construción - Aplicación de la perspectiva cónica al dibujo a mano alzada. 	<p>B2.2. Diferenciar e utilizar os sistemas de representación gráfica, recoñecendo a utilidade do debuxo de representación obxectiva no ámbito das artes, a arquitectura, o deseño e a enxeñaría.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB2.2.1. Visualiza formas tridimensionais definidas polas súas vistas principais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Realiza a man alzada e debidamente delineadas, perspectivas cónicas a partires das vistas diédricas de obxectos sinxelos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TP ▪ PE
			<ul style="list-style-type: none"> EPVAB2.2.3. Debuxa perspectivas de formas tridimensionais, utilizando e seleccionando o sistema de representación máis axeitado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Elixe, á hora de realizar a perspectiva cónica dun obxecto ou espazo, o sistema mais adecuado (frontal ou oblicua). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TP ▪ PE
			<ul style="list-style-type: none"> EPVAB2.2.4. Realiza perspectivas cónicas frontais e oblicuas, elixindo o punto de vista máis adecuado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Elixe, á hora de realizar a perspectiva cónica dun obxecto ou espazo, punto de vista mais adecuado . 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TP ▪ PE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ i 	<p>B2.12. Debuxo asistido por computador. Trazado de pezas planas e tridimensionais sinxelas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Utilizar programas de debuxo por computador para construír trazados xeométricos e pezas sinxelas nos sistemas de representación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB2.3.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para a creación de deseños xeométricos sinxelos. 	<p>Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para a creación de deseños xeométricos sinxelos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TP
<ul style="list-style-type: none"> ▪ 			<ul style="list-style-type: none"> ▪ . EPVAB.1.3.2. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas, mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Trae o material necesario para realízalas actividades propostas ▪ Mantén en bo estado o material propio e o que o departamento pon a súa disposición para a realización de traballos propostos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ O
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ Realiza as láminas de debuxo técnico coa limpeza e precisión necesarias (utilizando así con propiedade os materiais propios da disciplina) Utiliza con propiedade outro tipo de materiais (ceras, acuarelas, lapis de cor..) se é necesario o seu uso por que se propoña unha actividade que así o requira. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TP 	

RÚBRICA CORRECIÓN DAS LÁMINAS E EXERCICIOS

CORRECCIÓN DOS TRAZADOS	PROCESO DE MATERIALIZACIÓN- PRESENTACIÓN	ACTITUDE DURANTE A REALIZACIÓN DO TRABALLO
4 PUNTOS	4 PUNTOS	2 PUNTOS
Estándares	Estándares	Estándares
<ul style="list-style-type: none"> EPVAB2.2.1. Visualiza formas tridimensionais definidas polas súas vistas principais. <p><u>Indicadores:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Realiza a man alzada e debidamente delineadas, perspectivas cónicas a partires das vistas diédricas de obxectos sinxelos. 	<p>EPVAB.1.3.2. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas, mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.</p> <p><u>Indicadores:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> -Realiza as láminas de debuxo técnico coa limpeza e precisión necesarias (utilizando así con propiedade os materiais propios da disciplina) -Utiliza con propiedade outro tipo de materiais (ceras, acuarelas, lapis de cor..) se é necesario o seu uso por que se propoña unha actividade que así o requira. 	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB.1.3.2. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas, mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades. <p><u>Indicadores:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Trae o material necesario para realizalas actividades propostas ▪ Mantén en bo estado o material propio e o que o departamento pon a súa disposición para a realización de traballos propostos.
<p>EPVAB2.2.3. Debuxa perspectivas de formas tridimensionais, utilizando e seleccionando o sistema de representación máis axeitado.</p> <p><u>Indicadores:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Elixe, á hora de realizar a perspectiva cónica dun obxecto ou espazo, o sistema mais adecuado (frontal ou oblicua). 	<p>EPVAB2.3.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para a creación de deseños xeométricos sinxelos.</p> <p><u>Indicadores:</u></p> <p>Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para a creación de deseños xeométricos sinxelos.</p>	
<p>EPVAB2.2.4. Realiza perspectivas cónicas frontais e oblicuas, elixindo o punto de vista máis adecuado.</p> <p><u>Indicadores:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Elixe, á hora de realizar a perspectiva cónica dun obxecto ou espazo, punto de vista mais adecuado . 		

PESO DE CADA ESTANDAR NA CUALIFICACIÓN OBTIDA

AV.	U.D	ESTÁNDARES					ponderación	
1ª	T.1	EPVAB2.1.1. Diferenza o sistema de debuxo descritivo do perceptivo.	B2.1.2. Resolve problemas sinxelos referidos a cuadriláteros e polígonos utilizando con precisión os materiais de debuxo técnico.	B2.1.4. Resolve e analiza problemas de configuración de formas xeométricas planas e aplicación á creación de deseños persoais	EPVAB.1.3.2. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas, mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.	EPVAB1.4.1. Entende o proceso de creación artística e as súas fases, e aplicación á produción de proxectos persoais e de grupo.	EPVAB3.3.1. Realiza distintos tipos de deseño e composicións modulares utilizando as formas xeométricas básicas, estudando a organización do plano e do espazo.	3,3
	T.2	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB3.1.1. Coñece os elementos e as finalidades da comunicación visual. 	EPVAB3.1.2. Observa e analiza os obxectos do contorno na súa vertente estética, de funcionalidade e de utilidade, utilizando a linguaxe visual e verbal.	B3 2.1. Identifica e clasifica obxectos en función da familia ou a rama do deseño.	EPVAB3.3.2. Coñece e planifica as fases de realización da imaxe corporativa dunha empresa.	EPVAB3.3.3. Realiza composicións creativas e funcionais adaptándoas ás áreas do deseño, valorando o traballo organizado e secuenciado na realización de calquera proxecto, así como a exactitude, a orde e a limpeza nas representacións gráficas.	EPVAB3.3.4. Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación para levar a cabo os seus propios proxectos artísticos de deseño.	3,3
		<ul style="list-style-type: none"> EPVAB3.3.5. Planifica os pasos na realización de proxectos artísticos e respecta o realizado por compañeiros e compañeiras. 	EPVAB4.3.1. Elabora imaxes dixitais utilizando programas de debuxo por computador	EPVAB4.3.2. Proxecta un deseño publicitario utilizando os elementos da linguaxe gráfico-plástica.	EPVAB4.3.3. Realiza un proxecto persoal seguindo o esquema do proceso de creación.	B4.4.1. Analiza elementos publicitarios cunha actitude crítica desde o coñecemento dos elementos que os compoñen.	EPVAB1.3.1. Coñece e elixe os materiais máis axeitados para a realización de proxectos artísticos	
		<ul style="list-style-type: none"> EPVAB.1.3.2. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas, mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades. 	EPVAB1.4.1. Entende o proceso de creación artística e as súas fases, e aplicación á produción de proxectos persoais e de grupo.					
	T.3	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB2.1.1. Diferenza o sistema de debuxo 	EPVAB2.1.3. Resolve problemas	B2.1.4. Resolve e	EPVAB.1.3.2. Utiliza con	EPVAB1.4.1. Entende o	EPVAB2.3.1. Utiliza as	3,3

		descriptivo do perceptivo.	básicos de tanxencias e enlaces utilizando con precisión os materiais de debuxo técnico.	analiza problemas de configuración de formas xeométricas planas e aplicao á creación de deseños persoais	propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas, mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.	proceso de creación artística e as súas fases, e aplicao á produción de proxectos persoais e de grupo.	tecnoloxías da información e da comunicación para a creación de deseños xeométricos sinxelos.	
2ª	T.4	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB1.1.1. Realiza composicións artísticas seleccionando e utilizando os elementos da linguaxe plástica e visual. EPVAB1.2.3. Cambia o significado dunha imaxe por medio da cor. 	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB1.2.1. Aplica as leis de composición, creando esquemas de movementos e ritmos, empregando os materiais e as técnicas con precisión. 	EPVAB1.2.2. Estuda e explica o movemento e as liñas de forza dunha imaxe.	EPVAB1.3.1. Coñece e elixe os materiais máis axeitados para a realización de proxectos artísticos.	EPVAB.1.3.2. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas, mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.		3,3
	T.5	EPVAB2.2.2. Debuxa as vistas (alzado, planta e perfil) de figuras tridimensionais sinxelas.	EPVAB.1.3.2. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas, mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.					3,3
	T.6	EPVAB2.2.1. Visualiza formas tridimensionais definidas polas súas vistas principais.	EPVAB2.2.3. Debuxa perspectivas de formas tridimensionais, utilizando e	EPVAB2.3.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para a				

			seleccionando o sistema de representación máis axeitado.	creación de deseños xeométricos sinxelos.				
3ª	T.7	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB4.1.1. Analiza os tipos de plano que aparecen en películas cinematográficas, valorando os seus factores expresivos. 	EPVAB4.2.1. Ve películas cinematográficas nas que identifica e analiza os planos, as angulacións e os movementos de cámara.	EPVAB4.1.2. Realiza un storyboard a modo de guión para a secuencia dunha película.	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB.4.2.2. Analiza e realiza fotografías, tendo en conta criterios estéticos. 	EPVAB4.2.3. Compila imaxes de prensa e analiza as súas finalidades.	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB4.3.1. Elabora imaxes dixitais utilizando programas de debuxo por computador. EPVAB4.3.3. Realiza un proxecto persoal seguindo o esquema do proceso de creación. 	5
	T.8	EPVAB2.2.1. Visualiza formas tridimensionais definidas polas súas vistas principais.	EPVAB2.2.3. Debuxa perspectivas de formas tridimensionais, utilizando e seleccionando o sistema de representación máis axeitado.	EPVAB2.2.4. Realiza perspectivas cónicas frontais e oblicuas, elixindo o punto de vista máis adecuado.	EPVAB2.3.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para a creación de deseños xeométricos sinxelos	EPVAB.1.3.2. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas, mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.		5

.Cada color corresponde a unha avaliación distinta, cada avaliación ten unha puntuación máxima de 10 puntos e, dentro de cada avaliación, a cada unidade didáctica corresponderanlle os puntos da columna da dereita.

5. Concrecións metodolóxicas

Concrecións metodolóxicas

Principios metodolóxicos xerais.

A función do profesor na área da educación plástica e visual será a de crear situacións de aprendizaxe no ámbito da aula. Para isto, haberá de guiarse dunha serie de criterios metodolóxicos para o desenvolvemento das actividades de ensino e aprendizaxe, sen esquecer que cada momento e cada alumno require unha actuación particular e concreta á que os criterios metodolóxicos e a propia práctica docente deben dar cabida e que, así mesmo, existen multitude de opcións metodolóxicas que permiten alcanzar a consecución dos obxectivos propostos.

Os principios metodolóxicos a seguir serán os seguintes:

- Un dos aspectos fundamentais será a consecución, pola parte do alumno, dunha aprendizaxe significativa a través dunha programación coherente, lóxica e debidamente adaptada a cada caso concreto.

O aprendizaxe irase construíndo a partir dunha programación coherente e lóxica. En cada unha das unidades didácticas se partirá dos coñecementos e experiencias previas do alumno. Ó comezo do curso realizarase unha avaliación inicial que determine o nivel de partida, desta forma, os conceptos que o alumno xa posúe sobre a realidade iranse completando e transformando coa información nova.

- Na área de educación plástica e visual un dos principais obxectivos é participar de forma activa no proceso de socialización do alumno..

Todos estes novos contidos e destrezas que o alumno foi adquirindo permitiránlle desenvolver a súa personalidade e integrarse na sociedade. A este mencionado proceso de "socialización" do alumno contribúese a través, entre outros, dos seguintes aspectos (que serán desenvolvidos nos seguintes apartados): A proposición de formulacións que fomenten o desenvolvemento do pensamento diverxente, o traballo en grupo, a creación dun clima aberto que se preste á busca e expresión de solucións creativas, a eliminación de estereotipos e actitudes discriminatorias na expresión visual e a demostración da dimensión práctica dos coñecementos adquiridos.

- É fundamental a proposición de formulacións que fomenten o pensamento diverxente.

Este tipo de propostas permite solucións do máis variado, todas elas igualmente válidas, conseguindo así un fomento da creatividade na busca da expresión persoal. Por outra banda, se consegue que o alumno comprenda e respecte outras formas de expresión diferentes á propia e que vexa que precisamente, nesta variedade é no que reside a riqueza da solución encontrada.

Intentaranse definir unha serie de propostas que o alumno poda resolver por si mesmo a través do "descubrimiento", que non resulten excesivamente complexas nin meramente repetitivas, solo de esta forma pódese conseguir a adquisición dunha aprendizaxe significativa e o desenvolvemento da creatividade.

- Tratarase de detectar e eliminar calquera tipo de discriminación referida a calquera aspecto individual ou social na aula. Rexeitarase calquera tipo de comportamento discriminatorio e estereotipado e tratarase de detectar estes nas mensaxes visuais propostas facendo unha lectura crítica dos mesmos co fin de superalos e na busca dunha expresión persoal o máis libre e orixinal posíbel.

- profesor haberá de ter sempre presente o principio de individualidade da ensino.

Nunca ha de esquecerse deste aspecto que no ensino resulta fundamental e haberá de lembrar que se educa a persoas concretas, en circunstancias concretas e nun determinado contexto, de modo que, as propostas e o traballo haberá de adaptarse, no posible, ás características dos alumnos e do entorno no que se traballe.

- Na aula haberá de crearse un ambiente aberto que parta do principio de flexibilidade.

O ambiente de traballo haberá de ser distendido e aberto, para que o alumno aporte solucións creativas terá que sentirse cómodo na aula. A postura do profesor haberá de ser flexible e así mesmo, a relación do alumno cos seus compañeiros nun clima de respecto mutuo que se fomentará coa colaboración entre alumnos e co traballo en grupo nalgunha das propostas.

- Procurarase que o alumno coñeza a dimensión práctica dos coñecementos adquiridos.

As actividades estarán deseñadas de maneira que o alumno vincule os coñecementos adquiridos ó medio e comprenda a utilidade dos mesmos.

- O profesor terá sempre presente a motivación do alumno como aspecto fundamental.

Xa que inserir ó alumno no proceso de ensino e aprendizaxe e quizais, o aspecto máis difícil da labor docente. Para conseguilo haberá de ter en conta todas as consideracións anteriores e facer na medida do posíbel, que o alumno decida aspectos e opine sobre o seu proceso de ensino e aprendizaxe.

- Tratarase de evitar, en todo momento, levar a cabo un proceso de ensino compartimentado.

Polo que o departamento de artes plásticas tratará de colaborar con outros departamentos no deseño de actividades conxuntas e na distribución, o máis axeitada posíbel, dos conceptos a impartir que comparta cos outros

departamentos.

- O fomento de la creatividad.

E unha das principais labores da área de Educación plástica e visual e conseguírase seguindo os principios anteriormente citados.

Os principios metodolóxicos enumerados toman forma a través dos seguintes modelos:

Modelos metodolóxicos:

1. Estratexias expositivas: Realízase unha exposición dos conceptos que irá acompañada en todo momento de exemplos gráficos visualizados polo alumno a través de medios proporcionados polo profesor ou buscados e recompilados polos propios alumnos. Se partirá dos coñecementos do alumno para o deseño de cada unidade, permitindo a intervención do alumno de forma ordenada, non solo para a exposición das súas dúbidas seno tamén para compartir cos seus compañeiros as súas experiencias sobre os temas tratados, para fomentar a existencia dun ambiente aberto que fomente a creatividade.

2. Estratexias de indagación: Cada unidade irá acompañada da proposta de traballos, de extensión variable segundo a capacidade do alumno para o que existirán actividades de desenvolvemento e ampliación. A maior parte das actividades prácticas propostas realizaranse na aula co fin de que o alumno poda contar coa axuda do profesor cando o requira e para facilitar o seguimento do alumno por parte do profesor e valorar así o seu esforzo.

3. Traballo por tarefas.

Finalmente, haberá de mencionarse que a finalidade do proceso educativo na Educación Plástica e Visual non é o de crear artistas, sino unha serie de valores que permitan ó alumno expresarse, neste caso de forma artística, e desenvolver a súa valoración e respecto ó entorno potenciado grazas a unha observación crítica.

6. Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar

Materiais e recursos didácticos

Os materiais e recursos didácticos son un dos factores determinantes da práctica educativa, con todo, haberá de ter sempre en conta que a propia práctica educativa define o tipo de recursos e medios necesarios, non ó contrario. A selección dos materiais e recursos necesarios deberá axustarse: ó contexto educativo, ás características do alumnado e os obxectivos que se haxan propostos.

Con respecto ó alumnado, os materiais utilizados son fundamentalmente de dos tipos: Material impreso e recursos variados necesarios para o desenvolvemento das unidades didácticas.

Para a selección do material impreso correcto foi tido en conta:

- seu grado de adaptación ó nivel do primeiro ciclo de secundaria na área de Educación Plástica e Visual.
- seu nivel de correspondencia cos obxectivos establecidos nesta programación.
 - A presenza dos tipos de contidos que se traballan
 - A secuencia de contidos correcta
 - A adecuación ós criterios de avaliación establecidos
 - As actividades propostas por cumprir cos requisitos de aprendizaxe establecidos

Material didáctico

- Ilustracións, fotografías e vídeos e presentacións apoiando as explicacións teóricas do profesor, utilizando para proxectalas o canón instalado na aula.
- Canón, pantalla de proxección e ordenador portátil.
- Ordenador de mesa cos programas necesarios instalados.
 - Cámara conectada ao canón da aula para seguir explicacións prácticas do profesor.
 - Manequín articulado
 - programas gratuitos de tratamento da imaxe instalados nas aulas de informática. (Gimp, Geogebra)
 - Scanner
 - Modelos de escayola para o debuxo do natural.
 - Material de consulta (monográficos de artistas ou de temas referentes as distintas materias adscritas ao departamento, libros de texto, publicacións...)
 - Tórculo de gravado, tintas e Gubias.
 - Material para traballar o modelado: bases de modelado, barro, utensilios...
 - Pezas tridimensionais para favorecer a visión espacial do alumno (poliedros regulares, superficies de revolución, figuras...)

- Escalímetros
- Pizarra e tizas de cores
- Fotocopias de exercicios que o alumno realizará e entregará ó profesor
- Caballetas e tablas

Os seguintes materiais a utilizar polos alumnos:

- Lapis de grafito
- Rotuladores
- Lapis de cores
- Temperas e pinceis
- Láminas DINA e DINA3 de debuxo artístico
- Láminas DINA 4 de debuxo técnico
- Carpetas para apuntes e láminas
- Escuadras e cartabóns
- Compás
- Cartolinas de cores
- Botes e elementos de limpeza do material
- Ceras duras
- Tesoiras, cola, silicona
- Papel variado (traslúcido, decorado, folios colores...)
- Prensa, revistas e materiais de desperdicio
- Gomas de borrar...

O departamento propón ademais ó alumno unha serie de libros de consulta que serven para ampliar materia e para o seu uso .

7. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción

7.1 Criterios de avaliación

Avaliacións parciais
Criterios utilizados para avaliar ao alumno:
Bloque 1. Expresión plástica
<ul style="list-style-type: none"> ■ B1.1. Realizar composicións creativas, individuais e en grupo, que evidencien as capacidades expresivas da linguaxe plástica e visual, desenvolvendo a creatividade e expresándoa preferentemente coa subxectividade da súa linguaxe persoal ou empregando os códigos, a terminoloxía e os procedementos da linguaxe visual e plástica, co fin de enriquecer as súas posibilidades de comunicación. ■ B1.2. Realizar obras plásticas experimentando e utilizando diferentes soportes e técnicas, tanto analóxicas coma dixitais, valorando o esforzo de superación que supón o proceso creativo. ■ B1.3. Elixir os materiais e as técnicas máis axeitadas para elaborar unha composición sobre a base duns obxectivos prefixados e da autoavaliación continua do proceso de realización. ■ B1.4. Realizar proxectos plásticos que comporten unha organización de forma cooperativa, valorando o traballo en equipo coma fonte de riqueza na creación artística. ■ B1.5. Recoñecer en obras de arte a utilización de elementos e técnicas de expresión, apreciar os estilos artísticos, valorar o patrimonio artístico e cultural como un medio de comunicación e satisfacción individual e colectiva, e contribuír á súa conservación a través do respecto e divulgación das obras de arte.
Bloque 3. Debuxo técnico

- B2.1. Analizar a configuración de deseños realizados con formas xeométricas planas, creando composicións onde interveñan diversos trazados xeométricos, utilizando con precisión e limpeza os materiais de debuxo técnico.

- B2.2. Diferenciar e utilizar os sistemas de representación gráfica, recoñecendo a utilidade do debuxo de representación obxectiva no ámbito das artes, a arquitectura, o deseño e a enxeñaría.

- B2.3. Utilizar programas de debuxo por computador para construír trazados xeométricos e pezas sinxelas nos sistemas de representación.

Bloque 3. Fundamentos do deseño

- B3.1. Percibir e interpretar criticamente as imaxes e as formas do seu ámbito cultural, con sensibilidade cara ás súas calidades plásticas, estéticas e funcionais, e apreciando o proceso de creación artística, en obras propias e alleas, e distinguir e valorar as súas fases.

- B3.2. Identificar os elementos que forman a estrutura da linguaxe do deseño.

- B3.3. Realizar composicións creativas que evidencien as calidades técnicas e expresivas da linguaxe do deseño adaptándoas ás áreas, e valorando o traballo en equipo para a creación de ideas orixinais.

Bloque 4. Linguaxe audiovisual e multimedia

- B4.1. Identificar os elementos que forman a estrutura narrativa e expresiva básica da linguaxe audiovisual e multimedia, e describir correctamente os pasos necesarios para a produción dunha mensaxe audiovisual, e valorando o labor de equipo.

- B4.2. Recoñecer os elementos que integran as linguaxes audiovisuais e as súas finalidades

- B4.3. Realizar composicións creativas a partir de códigos utilizados en cada linguaxe audiovisual, amosando interese polos avances tecnolóxicos vinculados a estas linguaxes.

- B4.4. Amosar unha actitude crítica ante as necesidades de consumo creadas pola publicidade, rexeitando os elementos desta que supoñan discriminación sexual, social ou racial.

A avaliación levarase a cabo tendo en conta os obxectivos educativos e os criterios de avaliación, especificados nos estándares indicados nos cuarto punto da programación.

Ao inicio do curso realizarase unha avaliación inicial dos coñecementos e experiencias previas dos alumnos e alumnas, mediante unha proba inicial de trazados básicos. Esta avaliación servirá como punto de partida e referencia das aprendizaxes de cada un dos alumnos.

Ao longo do curso realizarase unha avaliación formativa, continua e integradora que permita coñecer, de forma inmediata, os fallos ou erros de aprendizaxe, para corríxilos.

Os procedementos que se van utilizar para avaliar son tres:

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A) OBSERVACIÓN E REXISTRO SISTEMÁTICO

Entendemos que pode ser un procedemento de grande utilidade nesta materia. o instrumento que nos axuda a recoller a información e poder utilizala é a ficha do profesor

Con este procedemento avalíaranse os seguintes aspectos:

* Capacidade de traballo: avalíarase o esforzo e a dedicación posta na realización das actividades na clase. Valorarase a actitude de interese, aproveitamento do tempo dispoñible e variedade de producións.

* Traballo en equipo: avalíarase a capacidade de adaptación a un grupo de traballo, evitando personalismos e responsabilizándose das tarefas propias. Valorarase a actitude de flexibilidade e responsabilidade na consecución do traballo encomendado ao grupo.

* Actitude xeral: avalíarase a capacidade de relación co resto de individuos do grupo e a súa actitude coa materia. Valorarase a corrección nas formas e o respecto ás normas da aula. Ditas normas se darán a coñecer ao alumno, así como os aspectos que o profesor recollerá na ficha de cada un deles.

Estes indicadores son unha referencia básica para cualificar as actividades realizadas polos alumnos e o profesor utilizará os rexistros da ficha do alumno para determinar o nivel de adquisición dos estándares.

A) TRABALLO persoal

En cada unidade didáctica o alumno terá que facer unha serie de traballos que indicarán o nivel de adquisición dos procedementos e contidos impartidos na mesma.

Cada actividade poderá obter unha cualificación máxima de 10 puntos. Se o alumno desexa mellorar a cualificación poderá repetir a actividade pola súa conta. Considerarase como válida a nota máis alta das obtidas.

Valorarase, de forma significativa, a entrega das actividades nos prazos e datas previstos. A media de todas as actividades realizadas nunha avaliación será a cualificación correspondente a este apartado, nesa avaliación. En caso de que unha das actividades sexa de máis envergadura e conte máis para a media, o profesor avisarao ao formular a proposta de traballo.

C) PROBAS ESPECÍFICAS

Utilizaranse naqueles casos que axuden a valorar a adquisición de certa clase de contidos. Serán un resumo dos contidos que se consideran necesarios para que os alumnos poidan interpretar a nova información.

Realizarase un mínimo dunha proba por avaliación e será necesario que o alumno obteña un mínimo de 4 puntos para que poida ser tida en conta e aprobar a avaliación.

Ao final do curso realizarase unha avaliación sumativa que integre os datos proporcionados pola avaliación inicial e a avaliación continua e que permita unha valoración global do progreso realizado polo alumno na consecución das capacidades sinaladas nos obxectivos xerais do ciclo e os específicos de cada un dos cursos.

Cualificación das Probas específicas: puntuarase cada unha das que se realicen sobre un total de 10 puntos, distribuídos en cada exercicio dependendo da entidade de cada un deles. Os alumnos coñecerán de antemán a puntuación outorgada a cada apartado da proba.

A media de todas as probas específicas que se realicen nunha avaliación será a cualificación neste apartado para esa avaliación. (que conforma un 40% da total obtida polo alumno).

A consideración do profesor da materia, ditas probas poden non realizarse sendo a nota a media aritmética das actividades propostas.

Avaliación final

A cualificación final do curso, que figurará na avaliación ordinaria e na última, xa que foi eliminada a avaliación extraordinaria, será a nota media obtida nas tres avaliacións. Para poder facer media, a nota media obtida en cada una das avaliacións será superior a 3.

Unha vez realizada a terceira avaliación, realizarase un informe individualizado por cada alumno suspenso onde constará a parte da materia que debe recuperar (1ª, 2ª ou 3ª avaliación) e as actividades a realizar para recuperalas.

No mes de xuño, o período lectivo comprendido entre a celebración da terceira avaliación ata a avaliación final, dedicarase a actividades de recuperación dos alumnos suspensos (incluídos os que teñan a materia pendente doutros cursos) e a consolidar os coñecementos xa adquiridos para o alumnado que teña superada a materia.

RECUPERACIÓN DO ALUMNADO COA MATERIA SUSPENSA

O alumnado coa materia suspensa total ou parcialmente, terá que realizar actividades de recuperación. As actividades de recuperación consistirán en láminas de debuxo con exercicios para realizar na aula propostas polo profesor y que estarán deseñadas acordo aos obxectivos e tratando de determinar se o alumno domina os mínimos establecidos polo deseño curricular base da materia que nos ocupa.

7.2 Criterios de cualificación**Criterios de cualificación**

A porcentaxe que corresponde a cada un dos procedementos de avaliación explicados anteriormente é o seguinte:

- Probas específicas: 40% da nota total obtida polo alumno. (Non obrigatorias)

Para a superación da materia o alumno haberá de aprobar as probas específicas de cada avaliación, obtendo unha cualificación mínima de 4 puntos en cada una de elas. A limpeza e a precisión nos trazados é un aspecto importante xa que terá incidencia na cualificación obtida polo alumno unha vez determinado o grao de adquisición do estándar.

Se o grupo necesita mais dunha proba por avaliación, a nota obtida será a media das probas realizadas. Na proba escrita terá que ir indicado o valor de cada exercicio ou cuestión proposta.

A criterio do profesor da materia, ditas probas poden non realizarse sendo as notas obtidas nos exercicios prácticos as que determinen a nota obtida polo alumnado.

- Exercicios prácticos (apuntamentos, actividades, láminas...) Supoñen un 60% da nota total.

Para a superación da materia o alumno terá que presentar toda as actividades propostas na devandita avaliación. Se falta por entregar un traballo se fará a nota media, sendo a cualificación de dito traballo de 0 puntos, se falta máis de un traballo por entregar a cualificación en dita avaliación será de insuficiente, salvo causa xustificada (que pode ser debida a circunstancias especiais atravesadas polo alumno ou a unha adaptación á diversidade realizada polo profesor para adaptarse ás características deste).

***NOTA:** no caso de que o profesor decida non celebrar probas específicas a nota será a media dos exercicios prácticos entregados

Recopilación dos criterios de cualificación que o alumno debe coñecer :

- Necesaria a entrega de todos os traballos e actividades propostos para ser cualificado positivamente. (se falta por entregar un traballo se fará a nota media, sendo a cualificación de dito traballo de 0 puntos, se falta máis de un traballo por

entregar a cualificación en dita avaliación será de insuficiente; O alumno pode entregar os traballos ata mediados da seguinte avaliación, modificando así a nota obtida ou recuperando a avaliación, segundo sexa o caso, cualificándoselle ditos traballos sobre 6 puntos, salvo excepción).

- Necesaria a obtención dun mínimo de 4 puntos tanto nas probas específicas realizadas para ser cualificado positivamente.
- Os traballos entregados fóra de prazo cualifícanse cunha nota máxima de 6 puntos (sempre baixo o criterio do profesor, no caso de existir causa xustificada, o profesor pode decidir manter o criterio corrección normal, sobre 10 puntos) e dun máximo de 5 puntos si a entrega é fora da avaliación na que foi proposto o traballo.
- O alumno pode repetir os traballos ou actividades as veces que desexe, sempre se lle terá en conta para realizar a nota media, a cualificación máxima obtida.
- A ficha do profesor rexistra a información necesaria para saber se o alumno respecta as "normas da aula", en caso de que isto non sexa así, suporá un desconto da nota obtida á hora de aplicar os estándares correspondentes.

Normas básicas de funcionamento na aula

1. Ser puntual á entrada e á saída de clase.
2. Comportarse adecuadamente durante es transcurso da clase, seguindo as indicacións do profesor

En xeral:

- Ocupar sempre o lugar asignado polo profesor
- non erguerse sen permiso
- non falar durante as explicacións do profesor
- Relacionarse de xeito adecuado e correcto con todos os membros da comunidade educativa (profesor, compañeiros, persoal non docente...)
- pedir a palabra levantando a man respectando a quenda de intervención.

5. Utilizar o mobiliario e o material da aula e o propio correctamente
6. Manter impecables a mesa e a cadeira facendo uso da papeleira ao finalizar a clase.
7. Respectar tanto o traballo propio coma o alleo.
8. Presentar os traballos dentro do prazo indicado.
9. Traer os útiles e o material axeitados a cada actividade.

7.3 Criterios de promoción

Criterios de promoción

8. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

Indicadores de logro do proceso de ensino e da práctica docente		
ASPECTO QUE SE AVALÍA: PLANIFICACIÓN		
Indicadores	Valoración	Propostas de mellora
1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.		
2. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.		
3. Selecciona e secuencia de xeito progresivo os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos.		
4. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.		
5. Planifica as clases de xeito flexible, preparando actividades e recursos axeitados á programación de aula e ás necesidades e os intereses do alumnado.		

6. Establece os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos.		
7. Coordínase co profesorado doutros departamentos que podan ter contidos afíns á súa disciplina.		
ASPECTO QUE SE AVALÍA: MOTIVACIÓN DO ALUMNADO		
Indicadores	Valoración	Propostas de mellora
1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.		
2. Plantexa situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).		
3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais eou coa súa funcionalidade.		
4. Informa sobre os progresos acadados e as dificultades atopadas.		
5. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.		
6. Estimula a participación activa dos estudantes en clase.		
7. Promove a reflexión dos temas tratados.		
ASPECTO QUE SE AVALÍA: DESENVOLVEMENTO DO ENSINO		
Indicadores	Valoración	Propostas de mellora
1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas...		
2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...		
3. Ten predisposición para resolver dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.		
4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.		
5. Utiliza axuda audiovisual ou de outro tipo para apoiar os contidos na aula.		
6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.		
7. Desenvolve os contidos dun xeito ordenado e comprensible para os alumnos.		
8. Plantexa actividades que permitan acadar os estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.		
9. Plantexa actividades grupais e individuais.		
ASPECTO QUE SE AVALÍA: SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE		
Indicadores	Valoración	Propostas de mellora
1. Realiza a avaliación inicial a principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.		
2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.		
3. Revisa, a cotío, os traballos propostos na aula e fóra dela.		
4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e o xeito de melloralas.		
5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e actividades dos alumnos e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.		
6. Utiliza criterios de avaliación abondo, que atenda de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos.		
7. Favorece os procesos de autoavaliación e		

coavaliación.		
8. Propón novas actividades que facilite a adquisición de obxectivos cando estes non teñan sido acadados suficientemente.		
9. Propón novas actividades de máis nivel cando os obxectivos teñan sido acadados con suficiencia.		
10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes, etc.		
11. Emplea diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e ás familias.		

9. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes
<p>Como vimos xa en apartados anteriores da programación se o alumno obtén unha cualificación negativa nas convocatorias de xuño, ten a posibilidade de recuperar a materia a través das convocatorias de pendentes.</p> <p>Unha vez que a materia forma parte das pendentes o alumno ten dúas posibilidades:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Existe a posibilidade de recuperar a materia pendente mediante probas trimestrais. O centro fixará un calendario aproximado para a realización de ditas probas, unha por avaliación, para facilitar ó alumno a recuperación da materia e que poda ir recuperando de forma compartimentada. 2. O alumno poderá recuperar a materia nunha proba final no mes de maio/xuño (no caso de realiza-las probas por avaliacións e ter obtida cualificación de suspenso poderá igualmente presentarse á proba de xuño). <p>A materia que nos ocupa é, ademais, una materia das denominadas "progresivas", isto quere dicir que si o alumno ten a materia de primeiro da ESO pendente e aproba a de terceiro, a de segundo quedalle automaticamente aprobada (o mesmo ocorre con terceiro e cuarto) pero o alumno terá que recuperar a materia na convocatoria de pendentes cando o curso no que se atopa non conta coa materia de educación plástica, visual e audiovisual no currículo ou cando esta sexa optativa e o alumno non a escolla.</p> <p>En todo caso, o primeiro que ten que facer o alumno cunha materia pendente é poñerse en comunicación co xefe de departamento e así poderán establecer con claridade o proceso de recuperación da materia pendente e o profesor indicar e proporcionar ao alumno o material necesario.</p> <p>As probas ou actividades propostas para recuperación terán como referencia os obxectivos e contidos mínimos indicados na programación e serán corrixidas de acordo os criterios de avaliación correspondentes.</p> <p>A cualificación obtida polo alumno será a nota numérica obtida na proba correspondente no caso de o alumno se presentase á proba de xuño ou a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das probas, no caso de que o alumno decidise presentarse ás probas por avaliación.</p> <p>Co fin de facilitar o desenrolo das capacidades programadas nos obxectivos e facilitar a realización das probas de pendentes o Xefe/a do departamento de debuxo preparará exercicios por avaliacións nos que o alumno repasará os contidos e procedementos dos que vai ser avaliado. Ditos exercicios serán opcionais (o alumno poderá facelos ou non segundo decida) e deberán ser entregados ao departamento dúas semanas antes da data do exame para dar tempo a súa corrección e que o profesor poida aclarar erros e dúbidas ó alumno.</p> <p>De tódolos xeitos, o xefe de departamento nas horas asignadas á xefatura ou fora do seu horario (sempre que sexa posible) atenderá ó alumnado coa materia pendente se este así o require.</p> <p>No caso da nosa materia, o sistema de recuperación consistirá na entrega dun caderno de actividades que o xefe do departamento facilita ao alumnado coa materia suspensa de terceiro ou de primeiro ao principio de curso. Xeralmente divídense en dúas entregas das actividades, unha no mes de febreiro e outra no mes de maio. Si o alumno entrega todas as actividades correctamente resoltas recupera a materia sen necesidade de facer ningunha das probas antes mencionadas. No caso de non entregar nada, terá a posibilidade de realizar unha proba final ou facer unha nova entrega no período comprendido entre a terceira avaliación e a avaliación final.</p>

10. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados

Deseño da avaliación inicial
Recollido nos apartados 7.1 e 11 da programación.
Medidas individuais e colectivas
Recollido no apartado de : Medidas de atención á diversidade

11. Medidas de atención á diversidade

Medidas de atención á diversidade

